



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

REHABILITACIÓN |

## San Domingos de Bonaval aposta pola xeotermia como forma de enerxía sostible

A obra de adecuación da ala sur do conxunto de San Domingos de Bonaval para uso do Museo do Pobo Galego, dirixida polo Consorcio de Santiago, leva dous meses en marcha. Estanse a rematar as sondaxes para a instalación da xeotermia para o acondicionamento térmico do inmovible.

Os traballos de demolición están a deixar ao descuberto restos como os da capela neogótica do antigo hospicio, de arredor de 1898, así como ventás orixinais embutidas no muro e modificadas no século XX. Estanse a replantear as instalacións e a estrutura de madeira. E estase a realizar o estudo da fachada do atrio da igrexa de Bonaval, previo aos traballos de limpeza e restauración da mesma, que inclúe as carpinterías e reixas históricas. Ademais, vaise reconstruír o edificio en 3D.



EXPOSICIÓNS |

## O legado de Carlos Maside xa pode visitarse na Fundación Granell

O legado do pintor Carlos Maside xa pode visitarse na Fundación Granell, onde permanecerá ao longo deste ano. O Consorcio acometeu en 2018 o procedemento de adquisición deste importante legado por un importe global de 430.717 €, o 50% do cal foi financiado polo organismo interadministrativo e a parte restante pola Deputación da Coruña. Posteriormente o Consorcio asinou un convenio co Concello de Santiago para a cesión, en réxime de comodato, das obras de Maside.

MÚSICA |

## A RFG participa xunto ao pianista Javier Perianes no “Concurso Internacional de Piano de Jaén”

A Real Filharmonía de Galicia vai participar no “Concurso Internacional de Piano de Jaén” xunto a Javier Perianes, un dos pianistas españois máis internacionais, con dous concertos, o 31 de xaneiro e o 1 de febreiro. Interpretarán os cinco concertos para piano de Beethoven, dirixidos por Manuel Hernández-Silva.

O 6 de febreiro en Santiago e o 7 en Ferrol, regresará o mestre Jonathan Webb. O 13 en Santiago, o 14 en Vigo e o 15 na Coruña, Paul Daniel dirixirá o programa “Xogando con Beethoven”, coa participación do Cuarteto Quiroga, Premio Nacional de Música 2018. O día 28 o director da Orquesta Sinfónica de RTVE, Pablo González, porase á fronte da RFG, coa que tocará a pianista Claire Huangci e colaborará tamén a cantaora María José Pérez.

## Joana Carneiro, nova principal directora invitada da RFG

A Real Filharmonía de Galicia terá unha nova principal directora invitada a partir da vindeira temporada, a recoñecida batuta portuguesa Joana Carneiro, que substituirá ao mestre Jonathan Webb. “Síntome moi emocionada e honrada por este agasallo. Saber que esta decisión procede dos maravillosos artistas da orquesta conmóveme moito” -declarou Carneiro ao coñecer o ofrecemento da RFG-.

